Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.
Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.
Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente.
Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía será activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.
As unidades divídense en seccións de vocabulario, gramática e habilidades. Hai dous textos por unidade baseados en material auténtico. Tamén se presentan dous grupos de vocabulario temático contextualizado en cada unidade e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario aprendido con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais proporcionan unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.
A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto actual tanto no oral como no escrito con explicacións dos puntos gramaticais e exercicios para practicalos.
Tamén se proporcionan unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada unidade inclúe un vídeo Life Skills con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades adicionais de comprensión e expresión oral en todas as unidades que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicarse de maneira eficaz no mundo real. Os contidos relacionados coa escritura están estruturados para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.
En todas as sesións de clase plantexamos exercicios para" Fast Finishers " con práctica adicional de consolidación do vocabulario e a gramática aprendidos.
As actividades de cultura e temas transversais nas que se relaciona o inglés con outras materias do currículo escolar (CLIL) introducen aos estudantes nunha ampla variedade de aspectos culturais do mundo angloparlante e do mundo en xeral ,incluíndo vídeos culturais que presentan contidos interesantes e auténticos cun nivel adecuado, así como actividades de comprensión.
Promóvense tamén proxectos colaborativos que a través da realización dunha tarefa significativa, axudan a desenvolver as habilidades comunicativas, de planificación, de investigación e sociais.
Traballamos a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecendo a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave, fomentando o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.
Préstase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo .
Finalmente tentamos favorecer o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos ; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas.

.

## CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

**Para a avaliación** procesual**, continua e formativa, basearémonos na observación sistemática do alumnado:**

**Intervencións orais** en clase: valorarase a riqueza de vocabulario, a coherencia na expresión, o interese por expresar a propia opinión, o respecto polas opinións e intervencións dos compañeiros, a actitude crítica ante os problemas aparecidos, a capacidade de relacionar conceptos.
**Traballos escritos**: a revisión periódica do caderno de clase permitirá observar a realización das tarefas, a capacidade de síntese e análise, etc. Tamén os comentarios e reflexións sobre os textos permitirán descubrir progresos e dificultades.
**Actividades de investigación**: valorarase a actitude de interese e curiosidade, a variedade das fontes utilizadas, o cumprimento dos prazos na entrega, a orixinalidade e creatividade.
**Actividades de creación**: terase en conta o interese, a orixinalidade, a organización do traballo, a corrección expresiva e ortográfica.
**Traballos en grupo**: valorarase a colaboración, integración e responsabilidade manifestados, o reparto equitativo do traballo e o produto final.
**Probas obxectivas escritas**: constituirán un elemento máis a ter en conta, moi apropiado para analizar a correcta comprensión dos conceptos traballados.

A avaliación será continua, progresiva e formativa. Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
O segundo trimestre terá un peso do 30 % da cualificación final.
O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

| PORCENTAXE | INSTRUMENTO |
|---|---|
| · **70%** da cualificación | PROBAS ESCRITAS: Realizaranse como mínimo dous exames escritos por trimestre. |
| · **20%** da cualificación | Traballo na clase, realización das tarefas: 10% · |
| | - Probas orais,caderno, murais, outros: 10% |
| · **10%**da cualificación | · Control das lecturas obrigatorias |

*Realizarase unha avaliación inicial nos primeiros días de clase pero tamén en cada unha das diferentes unidades didácticas, a través de diferentes probas que permitan unha descripción competencial do alumno que descubran, se fora o caso, que destrezas hai que reforzar. Esta avaliación inicial centrarase na destreza oral e lectora, na comprensión e na expresión escrita.
* Realizaranse como mínimo tres exames escritos por trimestre. Terase en conta a correcta ortografía e a adecuación, coherencia e cohesión na expresión escrita, tanto nos exames como en calquera traballo escrito; así como unha presentación axeitada. Rebaixarase a nota en 0,10puntos por cada falta de ortografía e 0,05 por acentuación incorrecta, ata un máximo de 2 puntos.
* A nota de cada unha das avaliacións será a resultante despois de facer as porcentaxes indicadas.
* Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.
*Nesta materia non se realizará unha recuperación en cada avaliación debido ao carácter dos contidos estudiados. Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas sobre os contidos traballados e que non se superaron e que seguirán a ser precisos no desenvolvemento curricular
*No caso dunha **docencia semipresencial**, procurarase manter a lo menos unha das probas escritas, que suporá o 70% da nota, así como a proba de lectura que supón o 10%. En caso de que algunha delas non se puidese realizar ao longo da avaliación en curso ou da seguinte, e se así o cree preciso o profesor, farase unha proba a través das plataformas dixitais coa correspondente verificación por parte do docente usando os medios que estime oportunos (comprobación telefónica, conexión Webex,..., entre outros). Dita comprobación farase co fin de asegurarse de que foi o propio alumno/a quen realizou a proba, podendo ser cualificada con un 0 se se comproba que copiou ou

| | |
|---|---|
| que non foi elaborada por el/ela mesmo/a. O 20% restante reservarase para as tarefas que o alumnado terá que facer e entregar a través das plataformas dixitais, nos que se terá en conta a presentación en tempo e forma, a correcta resolución das tarefas, a expresión, a ortografía e a autoría.<br>Se a **docencia** fose **non presencial**, mantéñense as probas escritas coa mesma porcentaxe xa mencionada, pero realizaranse a través das plataformas dixitais (Edixgal). O traballo realizado e entregado polo alumnado a través das diferentes plataformas, será computado con un 20% da nota. O docente poderá verificar si tanto as probas escritas como os traballos foron copiados ou non elaborados polo propio/a alumno/a, podendo ser sancionados cunha cualificación de 0 en caso de non poder demostrar a súa autoría. | |
| **NOTA FINAL** | - A nota final será:<br><br>30% 1ªavaliación + 30% 2ªavaliación + 40% 3ªavaliación.<br><br>Nesta materia non se realizará unha recuperación en cada avaliación debido ao carácter dos contidos estudados. Se o alumno non acada o aprobado tras finalizar a 3ª avaliación despois de facer o cálculo anterior, seguirá un programa de reforzo no que realizará tarefas e probas de recuperación daquelas partes que estaban avaliadas negativamente. Coas novas cualificacións acadadas recalcularase a nota final. |

Sarria, a 11 de setembro de 2023

O/a profesor/a

Asdo: ..........................................................

Ánxel Fole S/N, 27600 Sarria (Lugo)
Tlf;982870801 Fax 982870827
ies.xograr.afonso@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/iesxograrafonso


| **Materia: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA** | **Curso:1ºBACHARELATO** |
|---|---|

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Consúltense na programación didáctica

## METODOLOXÍA

A asignatura de LCeL ten entre os seus obxectivos o desenvolvemento da **competencia comunicativa** dos alumnos, tanto na súa faceta de lectores cada vez máis expertos, como na mellora das súas producións orais e escritas, de maneira que sexan capaces de interactuar con éxito en todos os ámbitos da súa vida: persoal, académica, social e, no futuro, no ámbito profesional.
As situacións de aprendizaxe adestrarán ao alunmnado no **emprego das tecnoloxías da información e comunicación** converténdoos en competentes para exercer unha cidadanía dixital activa primando o deseño de actividades de investigación precisas e rigurosas, a realización de tarefas en formato dixital e a súa entrega a través da aula virtual.
Tamén potenciarán o **traballo cooperativo** para a realización **de tarefas complexas ou proxectos significativos** baseados en contextos auténticos e recoñecibles.
Do mesmo xeito, estimularán a reflexión interlingüística mediante o **tratamento integrado de linguas** para fomentar de xeito coordinado co resto de departamentos lingüísticos a mellora dos procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal así como a alfebetización informacional.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**Para a avaliación** procesual**, continua e formativa, basearémonos na observación sistemática do alumnado e na proposta de distintos procedementos e instrumentos de avaliación:**

**Intervencións orais** en clase: valorarase a riqueza de vocabulario, a coherencia na expresión, o interese por expresar a propia opinión, o respecto polas opinións e intervencións dos compañeiros, a actitude crítica ante os problemas aparecidos, a capacidade de relacionar conceptos.
**Traballos escritos**: a revisión permitirá observar a realización das tarefas, a capacidade de síntese e análise, etc. Tamén os comentarios e reflexións sobre os textos permitirán descubrir progresos e dificultades.
**Actividades de investigación**: valorarase a actitude de interese e curiosidade, a variedade das fontes utilizadas, o cumprimento dos prazos na entrega, a orixinalidade e creatividade.
**Actividades de creación**: terase en conta o interese, a orixinalidade, a organización do traballo, a corrección expresiva e ortográfica.
**Traballos en grupo**: valorarase a colaboración, integración e responsabilidade manifestados, o reparto equitativo do traballo e o produto final.
**Probas obxectivas escritas**: constituirán un elemento máis a ter en conta, moi apropiado para analizar a correcta comprensión dos conceptos traballados.

| PORCENTAXE | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS |
|---|---|
| **80%** da cualificación | Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. |
| **10%** da cualificación | Traballos ou proxectos de investigación ben individuais ou grupais, exposicións orais planificadas, intervencións na aula e tarefas propostas. |
| **10%** da cualificación | Probas, propostas de trabalo sobre a lectura trimestral proposta. |

*Acadarase unha cualificación positiva cando a nota obtida despois de aplicar as porcentaxes correspondentes sexa igual ou superior a 5.
* Se o/a alumno/a non acadou unha valoración igual ou superior a 5 nunha avaliación, realizará un exame de recuperación despois de dita avaliación. Esta proba será do mesmo tipo que as realizadas durante o trimestre.
*Ademáis dos contidos, en todos os exercicios escritos **valorarase o nível de corrección expresiva e ortográfica: rebaixarase a nota en 0,25 puntos por cada falta de ortografía e 0,125 por acentuación incorrecta, ata un máximo de 2 puntos**. Se un alumno é sorprendido copiando, o profesor recollerá o exame e cualificará o mesmo cun cero.

*O departamento considerará actitude absentista a inasistencia do alumno/a a máis de tres clases sen presentar a xustificación pertinente. Valorará negativamente a falta de puntualidade e/ou a ausencia inxustificada ou inxustificable á clase de Lingua, comunicando dita circunstancia ao titor aos oportunos efectos de información ás familias sobre os perxuicios que a inasistencia podería ocasionar ao alumno/a para a consecución dos obxectivos da área.

*No caso dunha **docencia semipresencial**, procurarase manter a lo menos unha das probas escritas, que suporá o 80% da

| | |
|---|---|
| nota, así como a proba de lectura que supón o 10%. En caso de que algunha delas non se puidese realizar ao longo da avaliación en curso ou da seguinte, e se así o cree preciso o profesor, farase unha proba a través das plataformas dixitais coa correspondente verificación por parte do docente usando os medios que estime oportunos (comprobación telefónica, conexión Webex,..., entre outros). Dita comprobación farase co fin de asegurarse de que foi o propio alumno/a quen realizou a proba, podendo ser cualificada con un 0 se se comproba que copiou ou que non foi elaborada por el/ela mesmo/a. O 10% restante reservarase para as tarefas que o alumnado terá que facer e entregar a través das plataformas dixitais, nos que se terá en conta a presentación en tempo e forma, a correcta resolución das tarefas, a expresión, a ortografía e a autoría.<br>*Se a **docencia** fose **non presencial**, mantéñense as probas escritas coa mesma porcentaxe xa mencionada, pero realizaranse a través das plataformas dixitais (Aula Virtual). O traballo realizado e entregado polo alumnado a través das diferentes plataformas, será computado con un 10% da nota. O docente poderá verificar si tanto as probas escritas como os traballos foron copiados ou non elaborados polo propio/a alumno/a, podendo ser sancionados cunha cualificación de 0 en caso de non poder demostrar a súa autoría. | |
| **NOTA FINALL** | *A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións parciais, tendo en conta, se procede, as recuperacións realizadas.<br>* Se non se acada unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria, deberase presentar a unha proba extraordinaria que contará coa seguinte estrutura: un texto pertencente ao ámbito próximo do alumnado sobre o que se formularán cuestións relativas ao contido, a interpretación e/ou a estrutura; cuestións de tipo gramatical e sintáctico e preguntas relativas aos contidos literarios traballados no curso. |

Sarria, a 9 de setembro de 2023

A profesora,

Asdo:

| **Materia: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA** | **Curso:2º BACHARELATO** |
|---|---|

## CONTIDOS

| **1ª AVALIACIÓN** | **2ª AVALIACIÓN** | **3ª AVALIACIÓN** |
|---|---|---|
| - O comentario de texto.<br>- Morfoloxía. Categorías gramaticais.<br>-LITERATURA:<br>O Realismo e o Naturalismo<br>O Modernismo.<br>A Xeración do 98.<br>Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez.<br>A Xeración do 27.<br>LECTURA:<br>*El romancero gitano*, F. G. Lorca | - Sintaxe: oración simple e composta.<br>- LITERATURA:<br>O teatro español anterior á Guerra Civil.<br>A poesía, a novela e o teatro nas tres décadas posteriores á Guerra Civil.<br>O teatro posterior á Guerra Civil.<br>LECTURA:<br>*La fundación* , A.Buero Vallejo | - As relacións léxico- semánticas.<br>- Estructuras agramaticais.<br>-LITERATURA:<br>A narrativa hispanoamericana.<br>A narrativa peninsular dende 1975.<br>LECTURA:<br>*Crónica de una muerte anunciada*, G.García Márquez<br>*El lector de Julio Verne*, A. Grandes |

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Consúltense na programación didáctica

## METODOLOXÍA

Potenciarase unha metodoloxía axeitada para levar á cabo enfoques comunicativos e proxectos transversais , promoverase a reflexión comunicativa e lingüística e o contraste entre linguas. Tamén se procurará a coordinación cos Departamentos de Linguas para consensuar a terminoloxía empregada e o estudo gramatical.
A asignatura de LCeL ten entre os seus obxectivos básicos o desenvolvemento da competencia comunicativa dos alumnos, tanto na súa faceta de lectores cada vez máis expertos como na mellora das súas producións orais e escritas, de maneira que sexan capaces de interactuar con éxito en todos os ámbitos da súa vida: persoal, académica, social e, no futuro, no ámbito profesional.
Neste curso académico, adicaranse polo menos dúas sesións nas primeiras semanas do curso a repasar e afondar no manexo das diferentes ferramentas tecnolóxicas: Edixgal, envío e redacción de correos electrónicos. Ao longo do curso optarase por realizar tarefas que se entreguen a través das plataformas dixitais.
Os contidos non impartidos no curso anterior serán vistos no trimestre en que dito contido esté temporalizado no actual curso académico.

## CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

**Para a avaliación** procesual**, continua e formativa, basearémonos na observación sistemática do alumnado:**

**Intervencións orais** en clase: valorarase a riqueza de vocabulario, a coherencia na expresión, o interese por expresar a propia opinión, o respecto polas opinións e intervencións dos compañeiros, a actitude crítica ante os problemas aparecidos, a capacidade de relacionar conceptos.
**Traballos escritos**: a revisión periódica do caderno de clase permitirá observar a realización das tarefas, a capacidade de síntese e análise, etc. Tamén os comentarios e reflexions sobre os textos permitirán descubrir progresos e dificultades.
**Actividades de investigación**: valorarase a actitude de interese e curiosidade, a variedade das fontes utilizadas, o cumprimento dos prazos na entrega, a orixinalidade e creatividade.
**Actividades de creación**: terase en conta o interese, a orixinalidade, a organización do traballo, a corrección expresiva e ortográfica.
**Traballos en grupo**: valorarase a colaboración, integración e responsabilidade manifestados, o reparto equitativo do traballo e o produto final.
**Probas obxectivas escritas**: constituirán un elemento máis a ter en conta, moi apropiado para analizar a correcta comprensión dos conceptos traballados.

**PROBAS ESCRITAS**: O 90% da nota obterase da realización de dous exames por trimestre axustado ao formato das probas ABAU.
*Ademáis dos contidos, en todos os exercicios escritos valorarase o nivel de corrección expresiva e ortográfica: rebaixarase a nota en 0,25 puntos por cada falta de ortografía e 0,125 por acentuación incorrecta, ata un máximo de 2 puntos.

*Valorarase a corrección ortográfica, a coherencia , a cohesión e a adecuación , así como a presentación , puidendo descontarse ata un máximo de 2 puntos , adaptándonos ao estipulado pola ABAU. “Haberá de terse em conta, unha vez aplicados os criterios de corrección e avaliado o exame completo, a corrección formal e a destreza da alumna ou alumno no uso escrito da lingua. Así, poderase descontar da cualificación global obtida no exame ata un máximo de 2 puntos por erros relacionados cos seguintes aspectos: carencias graves no que se refire a unha presentación correcta do exame; emprego de rexistros coloquiais ou vulgares da lingua; carencias canto ao ordenamento lóxico da información ou á estruturación dos parágrafos; erros graves de puntuación ou de uso dos conectores; erros na ordenación lóxica das oracións; erros continuados no uso das normas ortográficas. Os descontos por erros de expresión débense indicar claramente.
Se un alumno é sorprendido copiando, o profesor recollerá o exame e cualificará o mesmo cun cero.
* Se o/a alumno/a non acadou unha valoración igual ou superior a 5 na avaliación, realizará un exame de recuperación despois da avaliación. Esta proba será do mesmo tipo que as realizadas durante o trimestre.

**TRABALLO DIARIO**: O 10% da porcentaxe restante da nota da avaliación obterase do rexistro que o profesor levará a cabo e que atenderá a : intervencións , exposicións orais planificadas, comentarios de texto entregados . O alumno será advertido da avaliación positiva e negativa que o profesor rexistre para facelo consciente da transcendencia que o traballo diario, o traballo na aula e a súa actitude teñen na súa propia avaliación.
No caso dunha **docencia semipresencial**, procurarase manter a proba escrita que supón o 90% da calificación . En caso de que non se puidese realizar ao longo da avaliación en curso ou da seguinte, e se así o cree preciso o profesor, farase unha proba a través das plataformas dixitais coa correspondente verificación por parte do docente usando os medios que estime oportunos (comprobación telefónica, conexión Webex,..., entre outros). Dita comprobación farase co fin de asegurarse de que foi o propio alumno/a quen realizou a proba, podendo ser cualificada con un 0 se se comproba que copiou ou que non foi elaborada por el/ela mesmo/a. O 10% restante reservarase para as tarefas que o alumnado terá que facer e entregar a través das plataformas dixitais, nos que se terá en conta a presentación en tempo e forma, a correcta resolución das tarefas, a expresión, a ortografía e a autoría.
Se a **docencia** fose **non presencial**, mantense a proba escrita coa mesma porcentaxe xa mencionada, pero realizaranse a través da plataforma dixital (Aula Virtual). O traballo realizado e entregado polo alumnado a través das diferentes plataformas, será computado con un 10% da nota. O docente poderá verificar si tanto as probas escritas como os traballos foron copiados ou non elaborados polo propio/a alumno/a, podendo ser sancionados cunha cualificación de 0 en caso de non poder demostrar a súa autoría.

| | |
|---|---|
| **NOTA FINAL** | A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións parciais, tendo en conta, se procede, as recuperacións realizadas.<br>No caso de que o alumno non consiga unha cualificación positiva terá que presentarse á proba da avaliación extraordinaria que se levará a cabo no mes de xuño na que se examinará dos contidos de todos os bloques excepto do bloque de comunicación oral cuxa evaluación por motivos organizativos e temporais non é posible avaliar. |

Sarria, a 9 de setembro de 2023

O/a profesor/a

Asdo: .........................................................